



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os Plan do Carbón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tratamento inxusto da Galiza en todos os Plans do Carbón, dos gobernos estatais do PP e do PSOE, é unha evidencia contrastábel con datos, con asignacións de fondos por debaixo dos que corresponderían da aplicación dos parámetros fixados polos asinantes, e con infraestruturas que non se executaron na súa totalidade, diminuíndo aínda máis os xa escasos fondos. Só no Plano 2006-2012 (Plan Miner II), segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras asignara a Galiza 80,52 M€ até abril de 2012, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 M€ comprometidos; no caso das Pontes, tiña pendentes 17 infraestruturas por un importe de 53,385 M€, preto do 77 % do total. Para o Concello a situación das infraestruturas é a que se reflicte no seguinte cadro:

PROXECTOS (PENDIENTES DE QUE SE HABILITE PARTIDA E SE NOS ENVIEN PARA FIRMA)		10.100.000
Edificio multifuncional		5.000.000
Actuación s/Polígono Airios		2.800.000
Actuación zona Rebardille		800.000
Equipamento servicio para PEMES		1.400.000



Oficina recolocacion (PENDIENTE MODIFICACIÓN CONVENIO)	100.000
PROXECTOS (PENDIENTES CONVENIOS A TRES BANDAS)	34.732.000
Xeriátrico	5.700.000
Desenv. Solo industrial Penapurreira	23.758.000
Estrada Airios-Momán	1.200.000
Equipamento zona Deportiva Canle IV	600.000
Museo minería	2.000.000
Melloras Pol.Penapurreira	227.000
Dotación infraestrutura Gas os Airios	1.247.000
PROXECTOS 2012 (PENDIENTES INCLUSION EN PROTOCOLO)	9.999.826
Adquisición de Terreos Aparral para promoción solo industrial	3.852.000
EDAR poligono penapurreira	1.400.000
Centro Integral para persoas con discapacidade	1.904.707
Sanemento en Villerma, Espiñaredo e 1ª fase de Bermui	363.119
Paseo fluvial lago de As Pontes (casilla-Alimpadoiros)	2.280.000
Oficina recolocación As Pontes	200.000
TOTAL	54.831.826

Do total, o estado ten recoñecido, por escrito, na resposta ao BNG no Congreso en abril de 2014, un total de 10.181.180,46 euros en 7 convenios que “... *aunque se inicio su tramitación no se pudo firmar*”.

O goberno do estado ten deseñado, dentro da denominada como *Estratexia de Transición Xusta*, o *Plan de Acción Urxente para Comarcas do Carbón e Centrais en Peche 2019-2021*, xa en aplicación, dotado con 130 M€, para dar resposta a problemas urxentes con pouco marxe para un traballo de anticipación mediante os chamados *Convenios de Transición Xusta*. O seu desenvolvemento dispositivo faise mediante modificacións no Plan do Carbón 2013-2018 (RD 675/2014), nomeadamente mediante o RD Lei 25/2018 de *medidas urxentes para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sustentábel das comarcas mineiras*, que amplía o prazo temporal até 2023, mais non o ámbito xeográfico das axudas, no que Galiza (“A Capela,





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodríguez, Muras, Xermade”) figura con “**carácter excepcional**” (artigo 4 RD 675/2014).

Segundo a información da web do *Instituto de Transición Xusta* -organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco)-, as axudas ao desenvolvemento de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira créanse ao obxecto de incentivar o desenvolvemento alternativo á minería do carbón, financiando actuacións coherentes e complementarias coa planificación autonómica e local e adicional ao esforzo investidor das Comunidades Autónomas e do goberno do estado; entre as actuacións financiábeis figuran infraestruturas (polígonos industriais, telecomunicacións, enerxía, viveiros, centros tecnolóxicos) e restauracións (recuperacións forestais, revalorizacións, saneamentos atmosféricos, edars); figuran como beneficiarios os municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, e, con **carácter excepcional**, os de Andalucía, Cataluña e Galiza.

O 28 de decembro, en nota de prensa, o Miteco facía pública a adxudicación polo *Instituto de Transición Xusta* de 110,7 M€ de axudas directas para infraestruturas municipais, correspondentes ao Plan do Carbón 2013-2018, para un total de 98 proxectos en municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, a iniciar algún deles en 2021, e que, segundo o Miteco, “... *terán un efecto positivo na xeración de emprego local no curto prazo ...*”; a aportación financia o 75 % do custe, mentres que as comunidades autónomas aportan o 25 % restante, para completar un investimento total 147,5 M€.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

COMUNIDADE	FONDOS ESTATAIS (M€)	TOTAL (M€)	PROXECTOS
Aragón	12,0	16,1	24
Asturias	69,8	93,1	60
Castela e León	22,6	30,2	10
Castela A Mancha	06,1	08,1	04

A tipoloxía dos proxectos é variada, incluíndo un centro de traballo e economía social vinculado a un centro de atención a persoas con discapacidade, unha ampliación dunha residencia de maiores, construción de centros de día, actualización dos polígonos industriais, viveiros de empresas, potenciación da actividade tradicional local, transformación de zonas degradadas en áreas de actividades turísticas e culturais, eficiencia enerxética en vivendas públicas con tecnoloxías como a aerotermia, prolongación dunha rede de xeotermia para auga quente sanitaria a un hospital, ampliación de centros de empresas de novas tecnoloxías da información e a comunicación, un Centro Tecnolóxico da Castaña coa posta en marcha dunha empresa de capital público, con 50 empregos, destinada á transformación deste froito mediante procesos de secado, lavado e moenda, coa plantación de miles exemplares de novos castiñeiros nunha escombeira, ...

Segundo o Miteco, a base legal das subvencións directas anteriores é o Real Decreto 675/2014 do 1 de agosto, que establecía as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira, e nas que Galiza (“A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodríguez, Muras, Xermade”) figura con “**carácter excepcional**” (artigo 4).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do Goberno do Estado a, xunto cos concellos das Pontes e Cerceda e coas organizacións sindicais máis representativas en Galiza, negociar, acordar e aplicar unha partida orzamentaria dos orzamentos xerais do Estado de 2021 para compensar o trato discriminatorio para con Galiza e as débedas derivadas da execución dos distintos Plans do Carbón dende o seu inicio até o actual.

2. Comprometer unha achega igual ao 25 % da partida acordada co Goberno do Estado para complementar o investimento total.”

Santiago de Compostela, 04 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2021 11:15:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2021 11:15:41

Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2021 11:15:50

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2021 11:15:59

